



CONFERENCIA

XELA ARIAS, A VIDA ÍA EN SERIO

IMPARTIDA POR MARTA VEIGA IZAGUIRRE

VENRES 7 DE MAIO DE 2021 – 20:00HORAS
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), dentro dos actos programados co gallo das Letras Galegas'2021, organiza, en colaboración co Concello de Vilalba, a conferencia **"XELA ARIAS, A VIDA ÍA EN SERIO"**, impartida por **MARTA VEIGA IZAGUIRRE**, profesora e xornalista.

O acto terá lugar o venres 7 de maio de 2021, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, e será presentado por **Marisa Barreiro**, presidenta do **iescha**.

A entrada é libre ata completar aforo, cumpríndose estritamente a normativa anti-covid.

Xela Arias Castaño naceu en Sarria en 1962. Filla do escritor Valentín Arias, foi unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea e sobresaíu tamén como editora e tradutora.

En 1965, a familia mudouse a Lugo e ela iniciou os estudos no Colexio Fingoi. Por mor dos compromisos laborais do pai trasladouse máis tarde á parroquia de Sárdoma, en Vigo, onde rematou a ensinanza primaria. Para daquela xa gañara o primeiro premio no VI Concurso de Contos Infantís O Facho.

En 1990 saíu do prelo *Tigres coma cabalos*, asinado coa súa parella, o fotógrafo e matemático Xulio Gil, e, en 1996, o poemario *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. De 2003 é a súa derradeira obra, *Intempériome*.

Exerceu un labor pioneiro no mundo da tradución, ao verter ao galego os textos de Gianni Rodari, Jorge Amado, W. Fernández Flórez, Roald Dahl, Bram Stoker (*Drácula*); tamén participou na tradución de *O Quixote* de Cervantes ou *Dublineses* de Joyce. O seu traballo como tradutora fíxoa merecedora de varios premios.

Desde 1999, exerceu a docencia en distintos institutos da xeografía galega. Foron anos de intensa actividade cultural e implicación cívica, nos que participou nas mobilizacións contra a Guerra de Iraq e a catástrofe do Prestige,

na Festa da Muller ou nas Noites Solidarias de Implicadas no Desenvolvemento.

A súa morte en 2003 ocasionou unha fonda conmoción no mundo cultural.

Xela Arias anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atreveuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para ela en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero. (https://www.lingua.gal/letras-galegas/contido_0059/2021-xela-arias)



Marta Veiga Izaguirre (Cantabria, 1978) é profesora asociada da área de Xornalismo no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e xornalista freelance, amais de investigadora e xestora do grupo de innovación docente Xuvenciencia. Licenciada en Ciencias da Información pola USC, ten traballado en medios de comunicación como *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*.